








REVISITA LEGAL DE DIRECCIÓN XERAL DE SOCIAL

RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

● Recursos e sancións





● Regulación de emprego





REVISTA SOCIAL GALEGA DE

RECURSOS E SANCÍONS



RESOLUCIÓN DE 7 DE XANEIRO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, en relación co accidente laboral sufrido por don J.C.P.F., por incumprimento do disposto no artigo 184 da Ordenanza laboral da construción do 28 de agosto de 1970, mantida vixente pola disposición única punto 2 do Convenio xeral da construción, aprobado por resolución do 30 de abril de 1998; anexo IV, parte C, punto 11.c do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e no artigo 3 do R.D. 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipo de protección individual en relación cos artigos 14.2 e 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Todo o anterior por canto se constatou o feito de realizar traballos de colocación de bovedillas transitando directamente sobre elas, carecendo de plataformas de traballo axeitadas, de redes e de cinto de seguridade, tal e como recolle o propio plano de seguridade da obra.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.16.f) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose as sancións resultantes en grao MÍNIMO, pero en contía superior á mínima en atención á perigosidade da actividade sen que se tivesen adoptado ningún tipo de protección colectiva nin individual, aínda que se establecían como tales no plano de seguridade da obra, de conformidade co disposto no artigo 39.3 e 40.2 da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 3.005,06 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de OURENSE, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 18 de febreiro de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.005,06 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. En canto aos feitos recollidos na acta, evidentemente a inspectora actuante non foi testemuña presencial dos mesmos, dado o carácter imprevisible dos accidentes de traballo, pero non cabe esquecer que a constatación dos mesmos a levou a cabo tralo exame do informe emitido polo técnico da Área de Seguridade e Hixiene da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, en Ourense, segundo consta na acta. Comprobados así os feitos e sinalado na propia acta o medio de convicción en que se baseou a funcionaria actuante, corresponde á empresa expedientada desvirtualos, pois aqueles gozan de eficacia probatoria, dada a innecesariedade mani-

festa da observación persoal dos feitos pola inspectora. Sen embargo, a empresa no seu recurso, nin sequera nega os feitos, senón que os atribúe á realización dunha operación de medida que era imposible realizar desde o andamio.

2. Respecto do emprego de medios de protección individual, procede sinalar que de conformidade co noso ordenamento laboral o empresario debe garantir o efectivo cumprimento das normas de seguridade a través das medidas axeitadas a este fin. Neste senso, o art. 17.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece como obriga do empresario non só proporcionar aos traballadores equipos de protección individual adecuados para o cumprimento das súas funcións, senón tamén a de *“velar polo uso efectivo dos mesmos cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios”*.

Neste senso, o Tribunal Supremo, na súa sentenza do 3-3-1998 establece que *“no desenvolvemento da actividade laboral dunha empresa existe, como indica a sentenza do 22 de abril de 1989, un deber de seguridade por parte do titular daquela que obriga a esixir ao traballador a utilización dos medios dispositivos preventivos de seguridade, impedindo, se isto fora necesario, a actividade laboral de quen, por imprudencia ou negligencia, incumpra o debido uso daqueles, incluso a través do exercicio da actividade disciplinaria. E é que, como di a sentenza do 22 de outubro de 1982, a débeda de seguridade da empresa cos seus traballadores non se esgota con darlles os medios normais de protección, senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do contido das súas instrucións, que deben tender non só á finalidade de protexer aos traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais á prevención das ordinarias imprudencias profesionais. Esta doutrina é continuadora da anteriormente establecida nas sentencias do 4 de outubro e 6 de novembro de 1976, onde se resalta que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre este recae a escrupulosa observación das medidas preventivas na seguridade do traballador”*.

3. Non existe ningunha previsión legal que exonere á empresa do cumprimento da normativa sobre saúde dos traballadores permitindo unha situación de risco e perigo para a súa integridade física. En realidade, a normativa sobre prevención de riscos, e en concreto a normativa citada na acta, non limita as medidas de seguridade a utilizar senón que permite unha pluralidade de solucións que a técnica e a práctica en cada momento da construción faga máis axeitada, co só requisito de que proporcionen seguridade.

4. Ante a alegación referente á presuntamente incorrecta gradación da sanción imposta, temos que sinalar que a mesma se impuxo dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose tendo en conta a circunstancia moduladora da responsabilidade xa recollida na acta e que ao longo do procedemento non foi desvirtuada polo agora recorrente (perigosidade da actividade desenvolvida, posto que se trata dunha obra de construción na que, tanto cuantitativa como cualitativamente, os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores son de especial trascendencia) co que a sanción enténdese que é proporcional ás circunstancias concurrentes.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo,

segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestimar o recurso interposto por don J.L.M.L. en representación da empresa "H.M., S.L.", contra a Resolución de data do 18 de febreiro de 2002 acordada pola Delegación Provincial de OURENSE, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 3.005,06 € imposta á citada empresa.

RESOLUCIÓN DE 19 DE XANEIRO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por

1. Incumprimento do disposto no Anexo IV, Parte C.3 a) e b) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposición mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, por canto os traballadores da empresa se atopaban realizando a montaxe do andamio metálico sobre a fachada traseira do edificio, a 8 m. de altura, desprovistos de cinto de seguridade, sen que existira protección colectiva ningunha contra o risco de caída ao exterior dende a citada altura.

2. Incumprimento do disposto no Anexo IV, Parte C.3.a) e b) e 12.b do citado R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, por canto un traballador se atopaba traballando sobre a cuberta do edificio a 12 m. de altura, desprovisto de cinto de seguridade, sen protección colectiva contra o risco de caída desde a citada altura.

3. Infracción do disposto no artigo 9.2º f) do R.D. 1.627/97 do 24 de outubro, xa que a obra carecía de vallado ou outro medio que actuara de delimitación e que impedira que persoas non autorizadas poideran acceder á obra.

4. Infracción do disposto no Anexo IV, Parte C.3 a) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, por canto en varias fachadas existían ocos ao exterior, destinados á subida de materiais sen protección colectiva contra caídas.

5. Infracción do disposto no Anexo IV, Parte A.15 b) e c) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, xa que o centro de traballo carecía de servizos hixiénicos para uso dos cinco traballadores que se atopaban prestando servizos.

De todo o exposto dedúcese a inexistencia práctica de labor de coordinación de seguridade na obra, a responsabilidade da cal é propia da empresa promotora referenciada, o que infrinxe o disposto no artigo 9.b), d) e f) do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como grave, no art. 12.13 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto (TRLISOS), apreciándose a sanción resultante en grao medio, en atención á gravidade dos danos que poideran producirse especialmente pola falta de medidas de seguridade existentes relacionadas cos traballos en altura, de conformidade co disposto nos artigos 39.3.c) e 40.2.b) da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 9.015,18 €.

Por outra banda, o estudo de seguridade da obra realizado pola empresa de referencia, non contempla o capítulo de revestimento da fachada en pedra, contratado á empresa "M.M.A., S.L.", os traballadores da cal se atopaban montando os andamios para proceder ao traballo. Tampouco menciona a montaxe e utilización de andamios tubulares metálicos e as súas correspondentes medidas preventivas. De todo o anterior dedúcese que a empresa non informou á contratista sobre os riscos e medidas de protección e prevención existentes no centro de traballo.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como grave, no art. 12.14 TRLISOS apreciándose a sanción resultante en grao mínimo, e en atención á gravidade dos danos que poideran producirse pola falla dun estudo de seguridade adecuado á realidade da obra, que cumprira a súa función informativa dos riscos existentes, de conformidade co disposto nos artigos 39.3.c) e 40.2.b) da mesma norma legal, proponse a imposición dunha multa de 3.005,06 €.

En consecuencia, proponse a imposición da sanción correspondente por un importe total de 12.020,24 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 3 de xullo de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 12.020,24 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Solicitado informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social en vía de recurso do 07.08.02, de acordo co art. 114.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, este non foi emitido ata a data.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril),

sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Conforme ao disposto no art. 83 da Lei 30/1992, xa citada, considérase procedente resolver o recurso presentado, aínda cando a Inspección de Traballo non emitiu o informe solicitado en vía de recurso, ao non ser preceptivo e determinante para a súa resolución.

CUARTO.- En relación coas alegacións feitas pola agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. A realización por parte do funcionario inspector dun requirimento á empresa, cando comprobe a existencia dunha infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, en ningún caso impide o levantamento da correspondente acta de infracción por esa mesma conduta. É máis, no caso de incumprirse este requirimento, o inspector pode levantar a acta se non o fixera anteriormente, e neste caso, o incumprimento xoga como criterio agravante da calificación da infracción, pero nótese que non se impide o previo levantamento da acta de infracción. Isto é o que sinalan os artigos 43 da Lei de prevención de riscos laborais e o 11.2 do R.D. 928/98, sen que quepa interpretar, que só procede o levantamento da acta cando se incumpre o requirimento.

2. Polo que se refire á gradación das sancións impostas, temos que sinalar que estas se impuxeron dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose tendo en conta as circunstancias moduladoras da responsabilidade xa recollidas na acta e que ao longo do procedemento non foron desvirtuadas polo agora recorrente co que as sancións enténdese que son proporcionais ás circunstancias concurrentes. En efecto, a primeira sanción imponse en grao medio en atención á gravidade dos danos que poideran producirse pola falta de medidas de seguridade, criterio que aparece contido no art. 39.3.c) TRLISOS, tal como xa se sinalou na acta. Non hai dúbida da importancia deste criterio de agravación en relación con esta primeira infracción, suficiente para impoñer a sanción en grao medio e dentro deste en contía superior á mínima, dada a entidade dos danos que para a integridade física e a saúde dos traballadores se poideran derivar de feitos tales como a realización de traballos en alturas de ata 8 e 12 m. sen medidas de protección colectiva e individual. En canto á sanción correspondente á segunda infracción, impúxose en grao mínimo, se ben en contía superior á mínima, en atención ao mesmo criterio (gravidade dos danos que poideran producirse, neste caso, pola falta de estudo de seguridade adecuado).

3. O estudo de seguridade e saúde da obra, que deberá elaborar o técnico competente designado polo promotor, de acordo co establecido no art. 5.1 do R.D. 1.627/1997, debe conter, entre outros extremos, segundo o parágrafo 2 do mesmo artigo, unha memoria descritiva dos procedementos, equipos técnicos e medios auxiliares que

se teñan que empregar así como a identificación dos riscos laborais que poidan ser evitados, así como as medidas técnicas necesarias para iso; tamén os riscos laborais que non se poidan eliminar, especificando as medidas preventivas e proteccións técnicas a controlar e reducir estes riscos. O plano de seguridade e saúde que elabore o contratista debe facerse, precisamente, en aplicación daquel estudo, segundo o art. 7 da mesma norma regulamentaria. No suposto que nos ocupa, comprobouse que nada se dicía no estudo sobre o revestimento da fachada e o emprego dos andamios tubulares. Polo tanto, os contratistas, ao ver o estudo de seguridade que tiñan que desenvolver no seu plano, non tiñan unha visión xeral de todos aqueles riscos e medidas preventivas adoptadas para paliar os efectos da súa materialización. En consecuencia, non pode afirmarse, como fai a empresa, que a inspectora “deduce” que a empresa non informou á contratista sobre os riscos e medidas de protección: se estes non estaban debidamente recollidos no estudo de seguridade e saúde que o promotor debe elaborar, dificilmente o contratista os poderá ter en conta no plano de seguridade que debe realizar en aplicación do citado estudo.

4. A inexistencia práctica de labor de coordinación de seguridade na obra, non é unha afirmación arbitraria nin unha opinión da inspectora actuante, senón unha aseveración derivada da comprobación persoal e directa pola inspectora de numerosos incumprimentos en materia de seguridade e hixiene: falla de medidas de seguridade colectivas e individuais, falla de delimitación da obra, ausencia de servizos hixiénicos.

QUINTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada. Por iso, quedando suficientemente acreditadas as infraccións a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que das infraccións se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestimar o recurso interposto por don J.M.S.R. en representación da empresa do mesmo nome, contra a Resolución de data do 3 de xullo de 2002 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 12.020,24 € imposta á citada empresa.

RESOLUCIÓN DE 30 DE XANEIRO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, trala investigación do accidente de traballo sufrido por don R.V.G., por incumprimento do disposto nos artigos 4.2 d) e 19.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobada por R.D. Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación co artigo 14 apartados 2 e 3 e artigo 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, así como os preceptos regulamentarios contidos nos apartados 11.b) e 3.b) da parte C do Anexo IV en relación co artigo 11.c) do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde laboral nas obras de construción, todo en relación coa realización de traballos sobre un fondo de viga no que as correas non estaban convenientemente apuntaladas, e ao feito da non utilización polo traballador de cinto de seguridade axeitado e a non previsión de cable fiador ao que amarralo, pese a realizarse traballos a 2,20 metros de altura.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como grave, no art. 12.16 f) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose as sancións resultantes en grao mínimo, de conformidade co disposto no artigo 39 e 40.2 da mesma norma legal, apreciándose como circunstancia agravante a gravidade dos danos producidos (lesións graves sufridas polo traballador accidentado) proponéndose a imposición dunha multa de 3.000 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 12 de xullo de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.000 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. O art. 8 do R.D. 928/1998, establece a duración da actividade inspectora previa ao levantamento da acta, actividade que ten por obxecto comprobar o cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e convidas na orde social. Pois ben, respecto da súa duración, o seu parágrafo segundo establece que *“non se dilatarán por espazo de máis de nove meses salvo que a dilación sexa imputable ao suxeito a inspección; así mesmo, non poderán interromperse por máis de tres meses”*, indicando a continuación que no caso de incumprirse estes prazos decaerá a posibilidade de estender acta de infracción. Pois ben, se nos fixamos no caso que nos ocupa, temos que a visita inspectora (actuación comprobatoria previa ao levantamento da acta) se realiza o día 07.03.02; posteriormente, o 22.03.02 mantense conversación telefónica co accidentado e o día 29.05.02, procédese ao levantamento da acta. En consecuencia, queda claro que non se superaron, en ningún caso, os prazos anteditos: nin as actuacións comprobatorias duraron máis de nove meses nin estiveron interrompidas por máis de tres.

2. En canto aos feitos recollidos na acta, evidentemente o inspector actuante non foi testemuña presencial dos mesmos, dado o carácter imprevisible dos accidentes de traballo; sen embargo, non cabe esquecer que a constatación das circunstancias en que se produciu o accidente laboral, se levou a cabo a través de diversos medios probatorios recollidos na acta: manifestacións das persoas entrevistadas (axudante do xefe de obra e accidentado), comprobacións efectuadas durante a visita, exame do contido do informe elaborado polo técnico do Centro de Seguridade e Hixiene de Rande e do informe do accidente realizado pola empresa. Constatados así os feitos e sinalados na propia acta os medios de convicción en que se baseou o funcionario actuante, corresponde á empresa expedientada desvirtualos, pois aqueles gozan de eficacia probatoria, dada a innecesariedade manifesta da observación persoal dos feitos pola inspectora. Así o recolle reiterada xurisprudencia, entre outras sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia, do 30.09.94, que establece que nos accidentes de traballo as actas gozan de eficacia probatoria dada a innecesariedade manifesta da observación persoal dos feitos polo inspector; tamén as sentencias do Tribunal Supremo do 15 de marzo e 1 de xullo de 1990, que sinalan que a forza probatoria das actas se estende tamén aos feitos deducibles de elementos probatorios referenciados na acta, ou ben aos feitos que resulten acreditados documentalmente ou mediante testemuños recollidos na acta e discrecionalmente valorados polo inspector actuante; a sentenza do Tribunal Supremo do 22.03.90, manifesta así mesmo, que respecto dos feitos de imposible percepción directa polo inspector, para que poida operar a presunción de certeza da acta, é indispensable que o inspector exprese os medios de proba empregados.

3. En canto ao fondo do asunto, a empresa sostén, por unha banda, que si estaban adoptadas as medidas de protección colectiva (apuntalamento do fondo de viga nos dous extremos) e que o traballador dispoñía de cinto de seguridade. Ao respecto procede sinalar:

a) Tal e como se sinala na acta, tanto no informe de investigación do accidente aportado pola empresa como no informe emitido polo técnico do centro de seguridade e hixiene de Rande, consta que as correas sobre as que estaba realizado o encofrado estaban sen apuntalar. O traballador accidentado, nas súas declaracións, sinala que o fondo de viga sobre o que estaba situado estaba apuntalado nos dous extremos, pero tamén é certo que recoñece que era posible que non estivera correctamente realizado. A empresa non aporta probas en contra.

b) Respecto ao uso do cinto de seguridade, procede indicar, en primeiro lugar que, segundo consta na acta, non estaba prevista unha liña ou cable fiador ao que anco-

rar o cinto, polo que, aínda que o traballador dispuxera deste, dificilmente podía valerse da súa protección. En segundo lugar en ningún caso se pode admitir que a decisión sobre si se empregou ou non o equipo de protección individual corresponda en exclusiva ao traballador. É máis, pódese dicir que, de conformidade co noso ordenamento laboral, o que debe suceder é o contrario: o empresario debe garantir o efectivo cumprimento das normas de seguridade a través das medidas axeitadas a este fin. Neste senso, o art. 17.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece como obriga do empresario non só proporcionar aos traballadores equipos de protección individual adecuados para o cumprimento das súas funcións, senón tamén a de “*velar polo uso efectivo dos mesmos cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios*”.

Neste senso, o Tribunal Supremo, na súa sentenza do 03.03.98 establece que “*no desenvolvemento da actividade laboral dunha empresa existe, como indica a sentenza do 22 de abril de 1989, un deber de seguridade por parte do titular daquela que obriga a esixir ao traballador a utilización dos medios dispositivos preventivos de seguridade, impedindo, se isto fora necesario, a actividade laboral de quen, por imprudencia ou negligencia, incumpra o debido uso daqueles, incluso a través do exercicio da actividade disciplinaria. E é que, como di a sentenza do 22 de outubro de 1982, a débeda de seguridade da empresa cos seus traballadores non se esgota con darlles os medios normais de protección, senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do contido das súas instrucións, que deben tender non só á finalidade de protexer aos traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais á prevención das ordinarias imprudencias profesionais. Esta doutrina é continuadora da anteriormente establecida nas sentenzas do 4 de outubro e 6 de novembro de 1976, onde se resalta que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre este recae a escrupulosa observación das medidas preventivas na seguridade do traballador*”.

Na mesma liña, pódese citar a sentenza do 11.02.98 da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se recolle que “*agora ben, a dilixencia esixible a un prudente empregador para previr e impedir que se produza unha situación de perigo ou de risco para a integridade física dos seus empregados, non queda esgotada por ter proporcionado ao traballador os medios de protección necesarios, senón que é preciso que ademais exista un control ou vixilancia que permita garantir a utilización, por parte do traballador, daqueles medios protectores, facilitados polo empresario, tendentes a impedir a produción de situacións de risco*”.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada. Por iso, quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestimar o recurso interposto por don J.P.C. en representación da empresa "C.S.J., S.A." contra a Resolución de data do 12 de xullo de 2002 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 3.000 € imposta á citada empresa.

RESOLUCIÓN DE 10 DE FEBREIRO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 15 da Lei do Estatuto dos Traballadores, no seu texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e artigo 3 do Real Decreto 2.720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada polo feito consistente na contratación sucesiva do mesmo traballador sin solución de continuidade utilizando a modalidade contractual de contratos eventuais sin especificar con precisión e claridade a causa que o xustifique, superando o período máximo establecido contando a totalidade dos contratos de cada traballador.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como grave no artigo 7.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao medio, por concurrir como circunstancia agravante o número de traballadores afectados (18), de conformidade co disposto no artigo 39 da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 601,02 €.

SEGUNDO.- Logo de tramitar audiencia á entidade interesada conforme ao art. 18.2 do R.D. 928/1998, do 14 de maio, a Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 15 de xullo de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 601,02 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia;

Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. O art. 17.1 do R.D. 928/1998, establece que unha vez notificada a acta ao presunto suxeito responsable, este poderá formular alegacións no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte á súa notificación. Pois ben, tendo en conta que a acta referenciada se notificou o 15 de abril de 2002, segundo consta no aviso de recibimento obrante no expediente, e que a empresa "J.B.V., S.L.", presentou prego de descargos con data do 7 de maio de 2002, segundo consta no selo do rexistro de entrada da delegación provincial desta consellería na Coruña, é evidente que se incumpriu o devandito prazo. Así se fixo constar no fundamento segundo da resolución impugnada.

2. Os contratos eventuais por circunstancias da produción (art. 15.1.b. ET e art. 3 R.d. 2.720/1998) débese indicar que estes contratos se realizan para atender esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa. Está destinado, polo tanto, a satisfacer un incremento temporal ou excepcional do volume de traballo que non pode ser cuberto polo cadro de persoal fixo da empresa, pero que, por ser transitorio, non xustifica unha ampliación permanente do citado cadro. Esíxese, ademais, que a causa de eventualidade conste con precisión e claridade, sen que poidan admitirse como tales unha remisión xenérica á norma nin tampouco unha reprodución literal da mesma nin alusións xenéricas a un "exceso de traballo" ou outras expresións de carácter xeral. Sen embargo, nos contratos examinados obsérvase que se puxeron como causa a "acumulación de tarefas ao prever a empresa un exceso de traballo no período obxecto do contrato", o que pon de manifesto, de acordo co exposto anteriormente, que non se especifica con precisión e claridade a causa que os xustifica, tal e como se sinalou na acta.

3. Ademais, os contratos eventuais por circunstancias da produción teñen unha duración máxima de seis meses dentro dun período de doce meses, contados a partir do momento en que se produza a acumulación de tarefas ou o exceso de pedidos. Non obstante, por convenio colectivo pode modificarse a duración máxima destes contratos e o período de referencia. Neste caso, o período máximo dentro do cal se poderán realizar será de dezaioito meses, non podendo superar a duración do contrato as tres cuartas partes do período de referencia establecida, nin, como máximo, 12 meses (art. 15.1.b. ET). Sen embargo, no suposto que nos ocupa observamos nos contratos realizados con cada traballador e examinados pola Inspección se superou amplamente o prazo legalmente establecido.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada, que se ratifican pola presente. Por iso, quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Resolve

Desestimar o recurso interposto por don J.B.L. en representación da empresa "J.B.V., S.L.", contra a Resolución de data do 15 de xullo de 2002 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 601,02 € imposta á citada empresa.

RESOLUCIÓN DE 29 DE MARZO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por:

1. Incumprimento do disposto no artigo 4.2 e) do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por R.D. Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, pola falta de ocupación efectiva dun traballador.

2. Incumprimento do artigo 66 do Convenio colectivo nacional de empresas de seguridade (Resolución do 22.05.98) en relación co artigo 29.1 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobada por R.D. Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo retraso no pagamento do salario debido.

A primeira infracción atópase tipificada e cualificada como moi grave, no art. 8.11 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao mínimo, de conformidade co disposto no artigo 39 e 40.1 da mesma norma legal, ao non apreciarse a concorrencia de circunstancias de agravación, propoñéndose a imposición dunha multa de 3.005,07 €.

A segunda infracción atópase tipificada e cualificada como grave, no art. 7.10 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao máximo, de conformidade co disposto no artigo 39 e 40.1 da mesma norma legal, valorándose como circunstancias agravantes o número de traballadores afectados e o incumprimento do requirimento da Inspección de Traballo, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

En consecuencia, propónse a imposición das sancións correspondentes por un importe total de 4.507,61 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 11 de xullo de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 4.507,61 €.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. Respecto da aplicación do principio de non bis in idem, este órgano resolutor ratifica o resolto en primeira instancia pola Delegación Provincial de Pontevedra, en Vigo, e neste senso, mostra a súa absoluta conformidade co recollido no informe ampliatorio remitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social á citada delegación con data do 03.07.02, e que serviu de motivación á resolución impugnada e constitúe parte integrante dela. En efecto, este principio significa que non poden sancionarse os feitos que foran

sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento. Segundo doutrina do Tribunal Constitucional recollida na súa sentenza 2/1981, impón evitar a duplicidade de sancións polos mesmos feitos.

En consecuencia, e segundo a xurisprudencia, o devandito principio aplícase en tres supostos básicos: entre sancións penais e administrativas; entre dúas ou máis sancións administrativas derivadas de procedementos distintos ou ben entre dúas ou máis sancións gubernativas derivadas do mesmo procedemento sancionador, salvo que sexan principal e accesoria. Pois ben, no suposto que nos ocupa, concorre unha indemnización ao traballador imposta por unha sentenza xudicial na orde social, e unha sanción administrativa derivada do procedemento sancionador de referencia.

O primeiro que se observa é que non estamos ante dúas sancións administrativas (a indemnización imposta pola xurisdición social e a sanción imposta pola autoridade laboral como consecuencia do incumprimento de normas de dereito necesario), pois a indemnización, non debe esquecerse carece de tal carácter, senón que se corresponde como unha medida destinada a resarcir os danos e prexuízos causados ao traballador como consecuencia da actividade da empresa. Trátase, polo tanto, de dúas medidas diferentes entre si, con cualificación xurídica distinta, distinto fundamento e distinta finalidade, e poden ser aplicadas de forma independente sen vulnerar o principio de *non bis in idem*.

2. En canto á segunda alegación, maniféstase que o contido da acta se considera acorde co disposto regulamentariamente (art. 14.1 do R.D. 928/1998): contén a identificación do suxeito infractor; unha descrición clara e detallada dos feitos imputados á empresa expedientada (falta de ocupación efectiva ao traballador B.L.M., incumprimento da obriga da empresa de pagar os salarios por meses vencidos ata o día 5 de cada mes, respecto a todo o cadro de persoal e nos meses de xullo, outubro e decembro de 2001 e xaneiro de 2002, e respecto a parte do cadro de persoal nos meses de agosto e novembro de 2001); os medios empregados para a comprobación de tales feitos (exame do auto do Xulgado do Social nº 3 de Vigo do 21.12.00; visita á empresa, comparecencia dos representantes da empresa nas oficinas da Inspección; exame da documentación xustificativa do pagamento dos salarios aportada pola empresa); así como os criterios en que se fundamenta para graduar a proposta de sanción e o número de traballadores afectados (a primeira sanción propónse en grao mínimo por non concorrer ningunha agravante, e a segunda en grao máximo en atención ao número de traballadores afectados e ao incumprimento do requirimento realizado previamente pola Inspección. O número de traballadores afectados consta máis arriba: a totalidade do cadro de persoal nuns casos e parte noutros. Polo tanto, a relevancia do número é evidente).

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada, que se ratifican pola presente. Por iso, quedando suficientemente acreditadas as infraccións a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída

por proba suficiente en contrario e estimando axeitadas a tipificación e cualificación que das infraccións se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestimar o recurso interposto por don D.A.B.D.R. en representación da empresa "P., S.A." contra a Resolución de data do 11 de xullo de 2002 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 4.507,61 € imposta á citada empresa.

RESOLUCIÓN DE 20 DE ABRIL DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, trala investigación do accidente de traballo sufrido por doña C.S.R., por incumprimento do disposto nos apartados 2 e 8 do punto 1 do Anexo I en relación co artigo 3 do Real Decreto 1.215/97, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, en relación cos artigos 14, 15.1, 18 e 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, polo feito de que a empresa non adoptou as medidas de protección necesarias que eliminaran o risco de atrapamento existente na prensa.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE, no art. 12.16 f) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, de conformidade co disposto no artigo 39.6 da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 16 de setembro de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.502,54 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. A infracción administrativa cometida consiste na omisión das medidas de seguridade axeitadas para evitar a consumación dun risco ou as consecuencias lesivas que puidera provocar dita consumación. Trátase de analizar, por tanto, se o recorrente cometeu unha infracción laboral por non adoptar as medidas de seguridade necesarias para prever riscos que poideran afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores ao servizo da empresa, sen que sexa necesario, para que se cometa dita infracción, que se produza un resultado lesivo, sendo suficiente que a omisión das medidas de seguridade creen un risco xenérico tomando como referencia a tarefa desenvolvida polo traballador.

Neste sentido, o que se sanciona non é que se producira o accidente de traballo senón o mero incumprimento dos preceptos normativos, independentemente de que acaecera un dano efectivo. En efecto, a responsabilidade do empresario non se produciu polo feito do accidente laboral, senón que se acredita por non ter cubertas todas as medidas de protección esixidas polas normas de dereito necesario.

2. Convén efectuar un repaso dos artigos que resultaron infrinxidos pola conduta da empresa:

a). Art. 3 do R.D. 1.215/1997: *“O empresario adoptará as medidas necesarias para que os equipos de traballo que se poñan a disposición dos traballadores sexan axeitados ao traballo que se teña que realizar e convenientemente adaptados a este, de xeito que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao utilizar estes equipos de traballo”.*

b). Apartado 2 do punto 1 do anexo I do R.D. 1.215/1997: *“A posta en marcha dun equipo de traballo soamente se poderá efectuar mediante unha acción voluntaria sobre un órgano de accionamento previsto para tal efecto. O mesmo ocorrerá para a posta en marcha tras unha parada...”*

c). Apartado 8 do mesmo punto 1: *“Cando os elementos móbiles dun equipo de traballo poidan entrañar riscos de accidente por contacto mecánico, deberán ir equipados con*

resgardos ou dispositivos que impidan o acceso ás zonas perigosas ou que deteñan as manobras perigosas antes do acceso ás ditas zonas..."

d). A estes hai que engadir os arts. seguintes da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: 14 (dereito dos traballadores á protección fronte aos riscos laborais e deber do empresario de garantir a seguridade e a saúde daqueles mediante a adopción das medidas necesarias), 15.1 (o empresario debe aplicar as medidas que integran o deber xeral de prevención con arranxo a unha serie de principios xerais), 18 (información, consulta e participación dos traballadores) e 19 (o empresario debe garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva, centrada especificamente no posto de traballo).

e). Engádesse que a infracción cometida se tipifica, con arranxo á acta, no art. 12.16.f) TRLISOS, que se refire a infraccións que *"supoñan incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, sempre que o citado incumprimento cree un risco grave para a integridade física ou a saúde dos traballadores afectados, e especialmente en materia de (...) medidas de protección colectiva ou individual"*.

De todo o anterior extráese que a empresa non foi sancionada polo único feito de non ter proporcionado á traballadora a formación esixida legalmente en materia de prevención de riscos laborais (esta conduta só é parte dos incumprimentos da empresa, e así se deduce do xa exposto na acta), senón fundamentalmente polo feito de que a máquina empregada non estivera dotada das medidas adecuadas que evitaran a súa posta en funcionamento accidental e que minimizaran o risco de atrapamento existente e que finalmente se materializou na produción do accidente.

3. Reitérase que *"a efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións ou imprudencias non temerarias que poidera cometer o traballador"* (art. 15.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais).

4. Respecto da práctica da proba solicitada no escrito de alegacións á acta, débese sinalar que no seu prego de descargos, o agora recorrente indicaba textualmente que *"se podería aperturar período probatorio para recabar o testemuño dos responsables de seguridade e de produción e de calidade da empresa, para constatar o réxime de formación do persoal de novo ingreso e de formación permanente que se leva a cabo constantemente nesta empresa, o que así expresamente se manifesta e solicita"*.

Pois ben, ao respecto procede sinalar:

1. O procedemento sancionador na orde social regúlase pola súa propia normativa, contida no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto e no R.D. 928/1998, do 14 de maio, que desenvolve o citado procedemento.

2. Pois ben, o artigo 17 do R.d. 928/1998, establece claramente que as probas deben ser aportadas co escrito de alegacións á acta, sen que se recolla neste procedemento, a apertura dun período de proba como tal.

3. Non obstante, doutrina e xurisprudencia admiten a proposta da práctica dalgunha proba, pero debe tratarse dunha proba concreta, se ben corresponde á Administración admitila ou non, dependendo de se a considera procedente e necesaria.

4. Neste senso, a única proba concreta que o recorrente solicitou foi a testemuñal de distintos traballadores da empresa, sen identificar debidamente, e na resolución

impugnada xa se respostou expresamente a esta cuestión, ao manifestar no seu fundamento terceiro a súa improcedencia por canto non desvirtuaría o feito constitutivo da infracción sinalada na acta (ausencia de medidas de protección) senón que se referiría exclusivamente ao tema de formación da traballadora.

5. Ao anterior, habería que engadir que reiterada xurisprudencia resta valor probatorio ás declaracións efectuadas por traballadores da empresa inculpada, dada a relación de dependencia económica e profesional existente entre aqueles e esta, e a obxectividade da actuación dun funcionario que legalmente ten encomendada a constatación dos feitos sancionados (entre outras, e neste senso, sentencias do Tribunal Supremo do 31.05.90, 19.02.90).

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada, que se ratifican pola presente. Por iso, quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMAR o recurso interposto por don F.D.R. en representación da empresa "C.C., S.A." contra a resolución de data do 16 de setembro de 2002 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.502,54 € imposta á citada empresa.

RESOLUCIÓN DE 24 DE MAIO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, trala visita realizada ao centro de traballo situado en R. (concello de T.) e demais actuacións comprobatorias, por:

1. Incumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación cos arts. 1, 2, 3, 4, 5, 8 e 9 do Regulamento dos

servizos de prevención aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro; en relación coa ausencia de avaliación de riscos e da planificación da actividade preventiva.

2. Infracción do art. 14.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación cos arts. 2, 3, 5 e 9, anexo II.2 e 4 do Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos centros de traballo; por canto a empresa non mantivo o lugar de traballo nas condicións hixiénicas axeitadas.

Tales infraccións atópanse tipificadas e cualificadas como graves, no artigo 12.1 e 6 a primeira, e 12.17 a segunda, do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose as sancións resultantes en grao mínimo, de conformidade co disposto nos artigos 39.1 e 3 e 40.2.b) da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 1.503 € por cada unha, o que fai un total de 3.006 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial da Coruña, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o 30 de xuño de 2003 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.006 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas pola recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. Respecto da aplicabilidade do R.D. 707/2002, reitérase o manifestado no informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social con data do 4 de xuño de

2003, á vista das alegacións formuladas á acta, cuxo contido esencial foi reproducido no feito cuarto da resolución recorrida. Así, o referido informe manifesta ao respecto que:

“O Real Decreto 707/2002, do 19 de xullo (BOE 31.07.02), aproba o Regulamento sobre o procedemento administrativo especial para a imposición de medidas correctoras por incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais no ámbito da Administración Xeral do Estado. Do citado procedemento quedan excluídas, de acordo co seu art. 2.2, as entidades públicas empresariais, que están sometidas ao réxime ordinario (Real Decreto Lexislativo texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, do 4 de agosto).

Tampouco é aplicable este regulamento ás sociedades mercantís estatais, como é o caso da Sociedad Anónima Estatal Correos y Telégrafos, que ten este carácter desde xuño 2001. Dita sociedade ríxese integramente polo ordenamento xurídico privado, conforme ao disposto na disposición adicional duodécima da Lei 6/97 (LOFAGE), polo que á dita sociedade lle é de plena aplicación a LISOS (aprobada polo Real Decreto Lexislativo 5/2000 do 4 de agosto) en todos os seus termos.”

2. A realización por parte da funcionaria inspectora dun requirimento á empresa, cando comprobe a existencia dunha infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, en ningún caso impide o levantamento da correspondente acta de infracción por esa mesma conduta. É máis, no caso de incumprirse este requirimento, a inspectora pode levantar a acta se non o fixera anteriormente, e neste caso, o incumprimento xoga como criterio agravante da calificación da infracción, pero nótese que non se impide o previo levantamento da acta de infracción. Isto é o que sinalan os artigos 43 da Lei de prevención de riscos laborais e o 11.2 do R.D. 928/98, sen que quepa interpretar, que só procede o levantamento da acta cando se incumpre o requirimento.

3. O art. 18.3 do R.D. 928/1998, establece que o informe emitido pola Inspección valorará expresamente as probas practicadas e as alegacións producidas, e conterá a proposta definitiva da resolución, precepto co que cumpriu plenamente o citado informe (descartou a posibilidade de aplicación do R.D. 707/2002; contestou a alegación relativa ao requirimento efectuado pola Inspección; en canto ao fondo do asunto, descartou a cualificación como leve da segunda infracción en base aos argumentos ali expostos, e reiterou o incumprimento da empresa en relación coa avaliación de riscos, ademais doutras consideracións).

4. En canto ao acceso ao citado informe, sinalar que, segundo a normativa vixente aplicable aos procedementos sancionadores na orde social, non existe obriga de notificar o informe ampliatorio ao inculpado. O art. 18.3 do R.D. 982/1998, xa citado, unicamente manifesta a posibilidade de solicitar o citado informe a a súa preceptividade nos supostos ali recollidos. Isto non impide que o interesado, se o estima pertinente, poida acceder ao expediente e mesmo obter copias dos documentos contidos nel, de acordo co art. 17.4 do Real Decreto 928/1998, e co artigo 35 a) da Lei 30/1992. ademais, o seu contido esencial foi recollido na resolución impugnada, como parte integrante dela, polo que, no momento de interpoñer o presente recurso de alzada, puido facer as alegacións que estimara pertinentes en relación co referido informe, tendentes a desvirtuar o seu contido. En todo caso, tratase dun informe meramente aclaratorio, que non modifica o contido da acta, conforme a cal se tipifica a infracción e se impon a sanción.

5. Con respecto a ausencia do trámite de audiencia en relación co establecido no artigo 18.4, do R.D. 928/1998 (cando formuladas alegacións se desprenda das dilixencias practicadas a invocación ou concorrencia de feitos distintos aos reseñados na acta), non se considera necesaria a súa realización, por canto o informe non achega feitos novos nin ningunha outra modificación da acta, conforme a cal se resolve, senon que se limita a ratificar o contido daquela sen alterar sequer minimamente o seu contido, e aclarar determinadas cuestións que foron formuladas pola propia empresa nas súas alegacións a acta.


6. Considerase que a resolución do procedemento sancionador de referencia, esta debidamente motivada por canto por unha banda, se remite a acta levantada pola Inspección (feito primeiro), acta que expresa de xeito claro e preciso, en primeiro lugar, cales son os feitos constitutivos da conducta sancionada, e, en segundo lugar, sinala expresamente cales son os preceptos infrinxidos así como a tipificación das infraccións. Por outra banda, na resolución introdúcese como motivación o informe ampliatorio remitido pola Inspección (feito cuarto), o cal esta permitido polo artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. ademais, na fundamentación xurídica da resolución de instancia, contestanse as alegacións pertinentes, non sendo necesario que conteña un razoamento exhaustivo e pormenorizado de todos os aspectos formulados polo alegante, senon so daqueles que sexan relevantes para a decisión final.

7. En canto as infraccións sancionadas, non cabe máis que reiterar o xa manifestado na resolución recorrida. A acta basease nuns feitos concretos obxetivos, comprobados persoalmente pola funcionaria actuante e relativos a data da visita, isto é, 30.01.03: a ausencia de avaliación de riscos e actividade preventiva, e a absoluta falta de limpeza do local.

Calquera alegación sobre a subsanación das devanditas deficiencias con posterioridade a tal data, realizada ademais como consecuencia da actuación inspectora e do requirimento practicado in situ, non afecta a estes feitos infractores, aos que a resolución se limita.

8. Finalmente, en canto a pretendida ausencia de culpabilidade empresarial, tense que sinalar que dito concepto en canto relación psicolóxica de causalidade entre o axente e o resultado típicamente punible non é elemento esencial para a existencia de infraccións sancionables en materia de seguridade e hixiene no traballo, pois o castigado nese ámbito e o mero incumprimento dos preceptos normativos, pois na orde contencioso-administrativo o elemento voluntarista opera unicamente como elemento agravante; en todo caso, a responsabilidade do empresario apreciase a través dun previo xuízo de imputabilidade, e acredítase por non ter adoptadas as medidas de seguridade e protección esixidas por normas de dereito necesario.




CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluir que o alegado en vía de recurso non desvirtua o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simple interpretación acomodaticia ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada, que se ratifican pola presente. Considerase, polo tanto, que quedan suficientemente acreditadas as infraccións a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír as Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispoñen o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cuantificación que das infraccións se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.







Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve





Desestimar o recurso interposto por don J.M.M.B. en representación da empresa “C.T., S.A.”, en contra a resolución de data do 30 de xuño de 2003 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 3.006 € imposta a citada empresa.





REVISTA SOCIAL GALEGA DE

REGULACIÓN DE EMPREGO



RESOLUCIÓN DE 7 DE XUÑO DE 2004

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por dona A.E.S., contra a resolución ditada pola delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, en data 08.01.04 e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- En data 13.11.03, foi presentada solicitude por don A.V.N., en calidade de Presidente do Consello da Administración da empresa "C.M.E.C.V., S.A.", polo que insta autorización para proceder á extinción das relacións xurídico laborais de 19 traballadores dos 62 que compoñen o cadro de persoal da referida empresa.

A empresa fundamenta a referida solicitude, a que achega diversa documentación, en causas económicas e técnicas, aducindo como causa da súa petición o vencemento con data 31.12.01 do convenio suscrito co SERGAS, non sendo posible a súa renovación por canto a nova normativa para a acreditación de centros hospitalarios (D. 52/2001, do 22 de febreiro) impuxo unha auditoría á solicitante que efectuada en outubro de 2001, non foi superada. Isto levou consigo a redución da actividade nun 56,77% das estancias hospitalarias respecto ao último ano que houbo concerto (2002). Así mesmo, a devandita rescisión do convenio co SERGAS supuxo a perda dunha porcentaxe sobre o total de vendas do 32,82% respecto ao alcanzado no último ano de concerto. As perdas antes de impostos alcanzan os 286.872,85 euros, dos que 119.242,66 euros corresponden á explotación.

SEGUNDO.- O período de consultas rematou con Acordo entre a representación da empresa e a dos traballadores, segundo consta na correspondente acta de data 22.12.03, aportada o expediente que tivo entrada na delegación provincial de consellería de Asuntos Sociais, emprego e relacións Laborais de Pontevedra en Vigo o 24.12.03.

No acordo referenciado, acadado no período de consultas, foi modificada a petición inicial en canto ao número de extincións solicitadas, reducíndose o número de traballadores afectados polo presente expediente a 14.

TERCEIRO.- Logo da tramitación e instrución oportuna a delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, ditou en data 08.01.04, resolución pola que se estima a petición formulada pola empresa "C.M.E.C.V., S.A.", autorizando en consecuencia á extinción dos contratos dos 14 traballadores nos termos acadados na acta-acordo entre a empresa e o comité, por causas económicas e técnicas.

CUARTO.- Contra a citada resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento do presente, e no que tralas consideracións e argumentacións que se estimaron pertinentes en defensa da súa prestación, e que se dan aquí por reproducidas, solicita se deixe sen efecto a autorización da extinción dos contratos de traballo.

QUINTO.- Do escrito de recurso deuse traslado pola delegación provincial á empresa ao efecto de que, a vista do mesmo formularan as alegacións que estimaron pertinentes, evacuándose dito trámite mediante a presentación do oportuno escrito no que tralas consideracións oportunas, se formula oposición ao recurso de alzada presentado e se solicita a súa desestimación.

SEXTO.- De conformidade co preceptuado no art. 114.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, a delegación provincial remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais o escrito de recurso xunto co expediente do que trae causa e mailo seu preceptivo informe.

SÉTIMO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG 11.04.03), Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, en relación ao Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego, e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- En consonancia coa recente xurisprudencia da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o artigo 51 do Estatuto dos Traballadores, regula minuciosamente o procedemento sobre despedimento colectivo

–adequando a súa terminoloxía á Directiva 75/129 CEE, modificada pola Directiva 92/56 CEE– por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, isto é, por motivos non inherentes á persoa do traballador (non debidos, desde logo, a incumprimentos culpables ou incluso non culpables deste), que se inicia mediante solicitude á autoridade laboral competente, e apertura dun período de consultas cos representantes legais dos traballadores, debendo o empresario, á finalización daquel, comunicar á autoridade laboral o resultado do mesmo.

Se o período de consultas conclúe con acordo entre as partes, como é o caso que nos ocupa, a autoridade laboral debe ditar resolución autorizando a extinción das relacións laborais, ou como di a sentenza do Tribunal Supremo do 16.02.90, homologando os acordos e aceptacións conseguidos no referido período, salvo que aquela aprecie a existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo, caso no que o remitirá á autoridade xudicial a efectos da súa posible declaración de nulidade, actuando do mesmo xeito cando, de oficio ou a petición da entidade xestora da prestación por desemprego, estimase que o acordo puidera ter por obxecto a obtención indebida das prestacións por parte dos traballadores afectados, por inexistencia de causa motivadora da situación legal de desemprego. Todo isto en uso das facultades que lle atribúe o artigo 11 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos.

As facultades da autoridade laboral son así, amplas, en aras de dilucidar a veracidade das causas alegadas como fundamento dun expediente de regulación de emprego.

Trátase, polo tanto, dun acordo vinculante para as dúas partes, que ha de ser respectado por estas salvo no caso de apreciar as circunstancias xa citadas, circunstancias que non se estima que concorran no presente suposto, tal e como queda adverado ao longo do expediente e como se explicita de xeito expreso na resolución obxecto do presente recurso.

En consecuencia, a resolución ditada pola delegación provincial de Pontevedra en Vigo, de data 8.01.04, respectou escrupulosamente a normativa vixente de aplicación aos procedementos de regulación de emprego, sen que a recorrente aporte probas ao respecto que demostren o contrario.

Limitase a recorrente a través das alegacións formuladas a través do recurso de alzada presentado a negar, sen aportar proba algunha en contrario, a existencia da causa económica que fundamentou a solicitude efectuada pola empresa “C.M.E.C.V., S.A.”, así como o posterior acordo acadado no preceptivo período de consultas entre a representación legal de cada unha das partes no presente expediente, polo que as mesmas non poden ter favorable acollida nesta instancia, carecendo da entidade suficiente para desvirtuar o acerto da resolución impugnada, ditada en base á documentación obrante no expediente así como á vista do antedito Acordo acadado entre a parte social e empresarial.

Así, vistos os preceptos legais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Acorda

Desestimar o recurso de alzada presentado por dona A.E.S., contra a resolución ditada pola delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Labo-

rais de Pontevedra en Vigo, en data 08.01.04, no expediente de regulación de emprego nº 114/03, e na súa consecuencia confirmar a citada resolución en todos os seus extremos.

RESOLUCIÓN DE 7 DE XUÑO DE 2004

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don A.C.V., en calidade de apoderado da empresa "C.C., C.B.", contra a resolución de data 28 de novembro de 2003, da delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, e tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- En data 13.11.03, por don A.C.V., en calidade de apoderado da empresa "C.C., C.B.", foi presentada na delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, solicitude instando autorización de prórroga da suspensión dos contratos dos dez traballadores integrantes da tripulación do buque C.C. ata o 26.11.03, suspensión autorizada por medio de resolución de data 06.11.03 ditada no expediente núm.103/03, pola mesma delegación provincial.

A empresa fundamenta a solicitude presentada, a que achega diversa documentación, no feito de que as obras de reparación da embarcación que motivaron o expediente 106/03, non rematarían ata o 26.11.03, superando o prazo da suspensión (14.11.03), concedido por medio da resolución inicial.

SEGUNDO.- Logo da tramitación e instrución oportuna, a delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, ditou en data 28 de novembro de 2003, a resolución que agora se impugna que, na súa parte dispositiva resolve: "*Declarar inexecutable a prórroga da suspensión contractual solicitada pola empresa "C.C., C.B.", polas causas expostas anteriormente*".

Dito pronunciamento ten a súa argumentación nos razoamentos recollidos no fundamento xurídico segundo, que ten o seguinte teor literal:

"Do conxunto da documentación que consta no expediente resulta debidamente acreditado que concorre as causas técnicas que xustificarían a medida adoptada pola empresa, e máis aínda existindo acordo entre a empresa peticionaria e os produtores afectados, sen que na súa conclusión se aprecie fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito, nin que tampouco puidera ter por obxecto a obtención indebida das prestacións polos traballadores afectados debido á inexistencia de causa motivadora da situación legal de desemprego, procedería, ao abeiro do establecido no art. 47.1 e 51.5 do Real Decreto Lei 1/1995 e no art. 20 do R.D. 43/1996, acceder á petición empresarial. Pero tal pretensión non resulta executable, dada a imposibilidade de outorgarlle á presente resolución efectos retroactivos, segundo o sinalado no art. 15. p. 1 do Real Decreto 43/1996, citado".

TERCEIRO.- Contra dita resolución, interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento da presente no que, tralas consideracións e argumentacións que considerou máis convenientes en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducir

das, solicita a anulación da resolución recorrida e que se lle conceda a prórroga da suspensión contractual solicitada.

CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 114 da Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a delegación provincial remitiu a esta consellería o escrito de recurso, xunto co correspondente expediente e mailo seu preceptivo informe, sendo este do seguinte teor literal:

“O recorrente pretende que se lle autorice a prórroga da suspensión contractual, autorizada no expediente 106/03, alegando que se ben o art. 15 p. 1 do Real Decreto 43/1996 non admite retroactividade na resolución inicial sen embargo non se refire en ningún momento á posibilidade dunha prórroga do prazo inicial concedido.

Esquece o recorrente, que os expedientes de regulación de emprego son actos administrativos únicos, é dicir, esgótanse en se mesmos, polo que non cabe falar da súa prórroga.

No caso que nos ocupa, se o 2º expediente (113/03) solicitado pola empresa co obxecto que se lle autorizara a prórroga das devanditas suspensións, se fixera nos prazos esixidos legalmente, a súa autorización tería que ser concedida por reunir todos os demais requisitos formais. Pero polas razóns expostas, ao non ser posible concederlle efectos retroactivos á resolución agora impugnada, carece de sentido a súa autorización por ser inexecutable.

Por todo o exposto, e salvo superior criterio de V.I., entendemos procede desestimar o recurso e confirmar integramente a resolución”.

QUINTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG 11.04.03), Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores con relación ao Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego, e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- En canto ás cuestións de fondo presentadas por medio das alegacións feitas polo recorrente ao traveso do recurso de alzada presentado, as mesmas non poden ter favorable acollida nesta instancia, non desvirtuando así o acerto da resolución recorrida, e isto polas razóns e criterios recollidos na referida resolución, así como no informe emitido, en vía de recurso, pola Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, de Pontevedra, en Vigo, recollidos nos feitos segundo e cuarto, respectivamente, da presente resolución; razóns e criterios compartidos nesta instancia e que serven de motivación á mesma de conformidade co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións

Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así e polo anteriormente exposto procede desestimar o recurso de alzada presentado e confirmar a resolución recorrida.

Vistos os preceptos legais citados e demais, de xeral e pertinentes aplicacións, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

Acorda

Desestimar o recurso de alzada presentado por don A.C.V., en calidade de apoderado da empresa "C.C., C.B.", contra a resolución de data 28.11.03, ditada pola delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, e recaída no expediente de regulación de emprego núm. 113/03 promovido polo mesmo. E, na súa consecuencia, confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

RESOLUCIÓN DE 7 DE XUÑO DE 2004

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don L.J.L.L., en calidade de administrador da empresa "A.D., S.L.", contra a resolución ditada pola delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Lugo, en data 18.03.04 e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Con data 05.03.04, foi presentada solicitude por don L.J.L.L., en calidade de administrador da empresa "A.D., S.L.", propietaria do buque pesqueiro "M/P A.D.", pola que insta autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico laborais de oito traballadores dos once que integran o cadro de persoal da referida empresa, dende o 02.03.04 ao 30.04.04.

A empresa fundamenta a solicitude presentada, á que achega diversa documentación, en causas económicas, tecnolóxicas, organizativas ou de produción, derivadas dunha avaría na citada embarcación o que provoca unha paralización da súa actividade durante o período de suspensión solicitado, necesario para realizar as obras de reparación.

Á solicitude achégase Acta de acordo de data 26.02.04, na que consta a conformidade expresa dos traballadores afectados polo presente expediente.

SEGUNDO.- A delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Lugo, consonte ao sinalado no art. 51.3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e art. 9 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos, comunicou o inicio do expediente á entidade xestora da prestación de desemprego e recabou o preceptivo informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Lugo, así como do Servizo de Inspección Pesqueira da Delegación Territorial de Pesca de Lugo.

TERCEIRO.- Así, e logo da tramitación e instrución oportuna, a delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Lugo ditou en data 18.03.04, a resolución que agora se impugna que, na súa parte dispositiva, resolve "Autoriza-la suspensión das relacións laborais solicitada por don L.J.L.L., como representante da empresa "A.D., S.L." propietaria do buque pesqueiro "A.D.", ao abeiro dos artigos 11 e 15 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, e á vista do acordo acadado no período de consultas cos oito traballadores afectados que integran a dotación do buque e que figuran na relación que se adxunta á presente resolución (da que forma parte e na que constan os datos persoais e profesionais de cada un deles), polo tempo previsto para realizar as obras de reparación solicitadas a contar dende a data da presente resolución e co límite do 30 de abril de 2004, coa salvedade do período vacacional, e con dereito ao percibo das prestacións por desemprego sempre e cando reúnan os requisitos esixidos de acordo coa normativa vixente"

CUARTO.- En data 05.04.04, foi presentado escrito por don L.J.L.L., dirixido á delegación provincial desta consellería en Lugo, comunicando a finalización dos traballos de reparación do motor da embarcación en data 30.03.04 e a iniciación da actividade normal da empresa o 31.03.04.

QUINTO.- Contra a resolución da Delegación Provincial de Lugo interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento da presente, no que, tralas consideracións e argumentacións que se estimaron convenientes en defensa da súa pretensión e que se dan aquí por reproducidas, solicita se dite nova resolución pola que, anulando a que trae causa, se aprobe o expediente dende a data de iniciación dos traballos de reparación, é dicir, dende o 2.03.04.

SEXTO.- De conformidade co preceptuado no art. 114.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, a delegación provincial remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais o escrito de recurso xunto co expediente do que trae causa e mailo seu preceptivo informe.

SÉTIMO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG 11.04.03), Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en relación ao Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego, e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- As alegacións aducidas polo recorrente a través do recurso de alzada que nos ocupa concrétnanse na pretensión de que se outorgue efectos retroactivos á sus-

pensión das relacións xurídico laborais solicitada pola empresa "A.D., S.L.", autorizada por medio de resolución da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, en data 18.03.04.

En primeiro lugar significar que de acordo co establecido nos art. 15 do Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos, as resolucións administrativas expresas recaídas en procedementos de regulación de emprego, como o que nos ocupa, se presumen válidas e producirán efectos dende a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra posterior.

Única e exclusivamente en supostos de forza maior se poderá outorgar eficacia retroactiva ás resolucións ditadas pola autoridade laboral en expedientes de regulación de emprego, que surtirán efectos dende a data do feito causante, de acordo co establecido no artigo 19 do Real Decreto 43/1996, antes reseñado. Así o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (art. 47 e 51) e o antes referenciado Real Decreto 43/1996, no tocante aos efectos e eficacia das resolucións ditadas neste tipo de procedementos non deixan lugar a dúbidas de ningún tipo.


TERCEIRO.- Sentado o que antecede, á vista de que o suposto alegado pola empresa, e que motivou a solicitude de suspensión das relacións xurídico-laborais de oito traballadores, en ningún caso pode subsumirse no concepto de forza maior, xa que estamos ante un suposto claro de causa técnica, como queda adverado ao longo do expediente, así como polas motivos e argumentacións que fundamentan a resolución ditada pola Delegación Provincial de Lugo, razóns e criterios compartidos por esta instancia e que en ningún caso son desvirtuados polas alegacións aducidas a través do recurso de alzada que non introducen cuestión nova que non fora tida en conta na citada resolución, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias o seu propio interese e que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos contidos na referida resolución que se ratifican pola presente.

A solicitude foi presentada pola empresa en data 05.03.04, sendo ditada en resolución agora recorrida en data 18.03.04, isto é dentro dos prazos legais e de acordo coas normas procedimentais establecidas na normativa vixente de aplicación en materia de expedientes de regulación de emprego, antes referenciada.

Non sendo relevante ao efecto de desvirtuar o contido daquela o feito de que os traballos de reparación se iniciasen o 03.03.04, ou o feito de que o depósito do rol da embarcación se tivese feito o 02.03.04; xa que e reiterando o anteriormente exposto á autoridade laboral competente para resolver a solicitude de suspensión temporal, isto é, a delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Lugo, non tivo coñecemento do mesmo ata o 05.03.04, data na que comeza a instrución e tramitación do expediente procedendo a súa autorización o 18.03.04, é dicir, de acordo coas normas de procedemento previstas na normativa vixente de aplicación.

Tampouco o feito de que os traballos se iniciasen de novo o 30.03.04 é argumento suficiente, o que non obsta para cualificar a conduta empresarial de sumamente diletante e responsable no seu proceder.

Así, vistos os preceptos legais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais



Acorda

Desestimar o recurso de alzada presentado por don L.J.L.L., en calidade de administrador da empresa "A.D., S.L.", contra a resolución ditada pola delegación provincial da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Lugo, en data 18.03.04, no expediente de regulación de emprego nº 8/04, e na súa consecuencia confirmar a citada resolución en todos os seus extremos.

